

anótate!

onde e como?

Vén falar con nós

Rúa San Roque 6-bis. 15704.
Santiago de Compostela

Por teléfono

981580506
662307019 (Miguel)
600876460 (Rocío)

No noso enderezo electrónico

foroinmigracionsantiago@yahoo.es

cando?

O prazo de inscrición remata o **26 de maio**
de 2011.

ficha de inscrición

Nome e apelidos:

Teléfono:

E-mail:

Asociación coa que colabora:



O Foro Galego de Inmigración é unha rede conformada por máis de 80 asociacións de inmigrantes e emigrantes retornados, entidades de carácter social, sindical, e político, unidas pola defensa dos dereitos das persoas migrantes.

co apoio de:



**VI ASEMBLEA
GALEGA DE
INMIGRACIÓN**

**E EMIGRACIÓN
DE RETORNO**

**29
MAIO**

**NINGUÉN SOBRA
NUNHA CRISE**



**IES Arcebispo Xelmírez I.
Rúa Poza de Bar s/n. Compostela.**



que buscamos con esta assemblea?

Estamos vivindo un continuo recorte de dereitos sociais, laborais e civís que afecta a toda a poboación e, de forma particular, ás persoas migrantes debido ao paulatino endurecemento da lexislación e o aumento dos controles policiais, identificacións arbitrarias e deportacións.

A actual situación de crise económica, desemprego e desmantelamento de servizos públicos acaba nutrindo discursos, actuacións e propostas de corte xenófobo, que culpabilizan a poboación migrante de todas estas problemáticas.

Neste contexto, as asociacións de migrantes estamos chamadas a xogar un importante papel. Por iso pretendemos abrir un espazo de reflexión, discusión e intercambio de experiencias e saberes sobre o impacto da crise e os recortes de dereitos que vivimos as persoas migrantes.

Isto co fin de avanzar no noso fortalecemento como colectivo, xerar respostas comúns aos problemas que nos afectan e visibilizar as diferentes achegas que vimos facendo a esta sociedade.

onde vai ter lugar?

Na cidade de **Compostela**. As actividades principais desenvolveranse no **I.E.S. Xelmírez I** situado na Rúa Poza de Bar, no Campus Universitario Sul. Realizarase unha marcha reivindicativa e acto público e, á tarde, un festival intercultural na Praza do Toural.

en que vai consistir?

Co fin de atender aos obxectivos propostos e abrir un espazo de discusión e intercambio de experiencias e ideas que contemplen a participación de todas as persoas, tratando de respectar os seus tempos, estilos e bagaxe previa, a assemblea vaise desenvolver a través de grupos de diálogo. Estes se apoiaran nun guión elaborado previamente. As persoas participantes darán as súas opinións e elaborarán un resumo dos acordos, desacordos e propostas que serán presentados e debatidos nunha sesión plenaria.

Faremos un xantar colectivo, contando coa colaboración de todas as persoas asistentes, polo cal cada quen deberá levar algo de comer e beber para compartir cos demais.

Para reservar a praza será preciso realizar a inscrición indicando nome, teléfono, e-mail, localidade e colectivo/entidade á que pertence, no caso de estar asociada ou asociado a algunha. (Ver ficha de inscrición no dorso)

a quen vai dirixida?

Especialmente ás persoas que participan nas asociacións de migrantes e á comunidade inmigrante e emigrante retornada. Tamén poderán participar integrantes de entidades e colectivos que traballan directamente coa poboación migrante ou que teñan interese en incorporar a análise das políticas migratorias actuais na súa labor de activismo.

programa horario

29
MAIO

- 9:30** Recepción e benvida. (IES Xelmírez I).
- 10:00 - 12:50** Dinámica de presentación e traballo por grupos (IES Xelmírez I).
- 13:00 - 13:15** Marcha e acto público (Praza do Toural).
- 14:30** Xantar (Campus Universitario).
- 15:30** Xuntanza das persoas dinamizadoras para coordinar a posta en común do traballo en grupos. (Campus Universitario).
- 16:00** Plenario co posta en común do traballo por grupos (IES Xelmírez I).
- 18:00** Festival intercultural. (Praza do Toural).
- 19:00** Peche da assemblea.

forogi.wordpress.com

